

## Staffan Mörling, o benquerido normando de Ons

Dúas invasións normandas deberían figurar nos libros de historia de Galiza: a primeira, de centos de barcos de vela de pau de cruz entrando por Catoira no 986, unha desfeita hoxe recordada pola estatua dun viquingo de man alzada en ferro de obra; a segunda, a de Staffan Mörling, mozo normando que chega a Ons en decembro de 1964, na procura dos segredos da dorna.

Mörling é daquela un estudante das culturas mariñeiras, interesado na historia de recursos para o traballo diario no mar e nomeadamente na construción de ribeira. Nos primeiros 60 viaxa ás illas Féroe, onde comeza un labor de investigación que máis adiante seguirá dende as illas da dorna até Muros. Alá na ribeira de Kirkjoubour (ou vila do bispo, pronunciado *chuirchebe*) repara na fasquía do *firamannafar*, o bote clásico das illas construído en escarva (tingladillo) na versión para catro tripulantes. “No mar –escribe en *As embarcacións tradicionais de Galicia-* os finos cascos do *firamannafar* apenas deixan ronsel por causa da airosa liña da roda, do perfil armonioso do arrufo e as táboas do costado; formando o fondo, o derradeiro par de táboas completaba os pantoques en ángulo obtuso, cara abaixo, aguantando a quilla só cos seus bordes inferiores e aumentando o calado. Conta que a intensa luz do sol alumeaba o interior da embarcación e deixaba gravada na súa memoria a imaxe da pronunciada sentina das táboas de quilla.

Cando Mörling comproba que a construción da pardequilla da dorna é semellante a dos botes das illas Féroe, non pensa nunha coincidencia ventureira senon nunha relación histórica entre dúas carpintarías históricas separadas por 1.800 millas de mar. A partir deste achádego en Beluso, propón ao seu profesor de etnoloxía en Suecia, investigar a dorna en Ons, na confianza de o aillamento ter conservado a arte antiga de facer barcos sen case interferencias.

As fontes visitadas polo teimudo investigador sueco para alicerzar esta soñada relación atlántica, carecen, como el mesmo confesa, de rigor. Egidio Padin, modelista do Museo de Pontevedra, fai un traballo para a *Revista General de la Marina* no que certifica “unha indiscutíbel analoxía de construción entre a Dorna e as máis primitivas embarcacións normandas”. O sueco de Ons confesa que o xeito de Padin “cruzar un milenio nun só paso”, a partir da terceira invasión normanda no Mar de Arousa (968) prodúcelle vertixe. Bota en falla as probas de remota antigüidade da dorna que dá o modelista e que algún historiador das Irmandades de Fala sitúa cinco séculos depois.

En 1964 o investigador da Universidade de Lund conta cos arquivos da mariña de guerra española que remiten o rico patrimonio de Galiza ao apartado das *Embarcacións Rexionais*. En defensa da curiosidade do sueco enamorado dos barcos galegos, están as citas de Fernando Alonso Romero, Filgueira Valverde, Calo Lourido, Xaquín Lourenzo, Emilio González López, Gaspar e Xosé María Massó, Hipólito de Súa , Dionisio Pereira, Ricardo Mora ou Vicente Risco.

Mörling vaise e déixanos doce traballos sobre a nosa maneira de habitar o mar, máis interesantes ca hipótese non probada de se lle fomos copiar aos normandos, campantes no no Mar de Arousa no que o demo frega un ollo, a xenial solución da pardaquilla das dornas. Del herdamos a primeira carta completa dos barcos tradicionais de Galiza dende 1870 a 1920, unha investigación das lanchas do trincado que sitúa en termos verosímiles as súas características; a él debemos o primeiro mapa lingüístico das embarcacións tradicionais, ao confrontar vocabularios de cascos e enxarcias e manobra de procedencias dispares e ao cabo de conversar con carpiteiros nos nosos 2.400 quilómetros de beiramar. Nel aparecen entre outras, as voces “caverna” (para designar o que o ILG designa co barbarismo *caderna* ) o “las de guía”, contra o nó clásico violentado incomprendiblemente como *as de guía*, navegar “de arca e de couse” contra a imposición de *babor-estribor*, ou a voz “barlavento”, reivindicadas contra a imposición da nomenclatura no servizo militar.

Staffan Morling foi un protagonista da reivindicación do tesouro dos barcos tradicionais de Galiza por medio do exemplo personal, sen retórica. Perante o mastro deferente da lancha de relinga, preguntaba como no litoral continental europeo inzado de aparellos de cruz, a ninguén máis lle viu a razón de pender o pau a popa para mellorar a voga a barlavento. O relato da súa conversa co mestre carpinteiro Domingos Aiaso, de Aguiño, sobre a construción da dorna do xeito, é un modelo de respecto e amor polo saber e a tradición de ribeira. Se cadra, o investigador mozo ilusionado por ver que a cultura viquinga chegara na idade media para alén da porta do Alisio do SW, acabou enamorado até a quilla da gamela, da dorna e da lancha de relinga. De os normandos din que non se sabe se din verdade ou mentira (a famosa *verdade normanda*, tamén atribuída aos galegos) pero de Mörling sabemos que amou sen límites o mar habitado de Galiza.